ANEXO 1. COMPROMISO DE DOWN GALICIA NA PREVENCIÓN E TRATAMENTO DOS DELITOS E CONDUTAS CONTRA A LIBERDADE SEXUAL E A INTEGRIDADE MORAL NO TRABALLO

Co presente protocolo, **DOWN GALICIA** **manifesta a súa tolerancia cero** ante a concorrencia en toda a súa *organización* de calquera clase de comportamento que poida atentar contra a liberdade sexual e a integridade física e moral das persoas traballadoras.

Ao adoptar este protocolo, **DOWN GALICIA** **quere informar da súa aplicación a todo o persoal** que ofrece servizos na súa organización, sexa persoal propio ou procedente doutras empresas, incluídas as persoas que, non tendo unha relación laboral, prestan servizos ou colaboran coa organización (voluntariado, persoal en prácticas etc.).

Así mesmo, **DOWN GALICIA** asume o compromiso de dar a coñecer a existencia do presente protocolo, con indicación da necesidade do seu cumprimento estrito, ás entidades ás que desprace o seu propio persoal, así como ás entidades/empresas das que procede o persoal que traballa na organización. Así, a obriga de observar o disposto neste protocolo farase constar nos contratos subscritos con outras empresas/entidades.

Cando a presunta persoa acosadora non garde relación xerárquica ou no organigrama da entidade coa Xerencia e, por tanto, desde **DOWN GALICIA** non se poida aplicar o procedemento na súa totalidade, dirixirase á empresa/entidade competente ao obxecto de que adopte as medidas oportunas e, no seu caso, sancione á persoa responsable, advertíndolle que, de non facelo, a relación mercantil que une a ambas entidades poderá extinguirse.

O protocolo aplicarase ás situacións nas que se produzan delitos e condutas contra a liberdade sexual e a integridade moral durante o traballo, en relación co traballo ou como resultado deste:

a) no lugar de traballo, inclusive nos espazos públicos e privados cando son un lugar de traballo;

b) onde esta toma o seu descanso ou onde come, ou nos que utiliza instalacións sanitarias ou de aseo e nos vestiarios;

c) nos desprazamentos, viaxes, eventos ou actividades sociais ou de formación relacionados co traballo;

d) no marco das comunicacións que estean relacionadas co traballo, incluídas as realizadas por medio de tecnoloxías da información e da comunicación (acoso virtual, dixital ou ciberacoso);

e) no aloxamento proporcionado pola persoa empregadora;

f) nos traxectos entre o domicilio e o lugar de traballo.

En efecto, **DOWN GALICIA** ao comprometerse coas medidas que conforman este protocolo, manifesta e publicita a súa vontade expresa de adoptar unha actitude proactiva tanto na prevención do acoso – sensibilización información de comportamentos non tolerados pola entidade - , como na difusión de boas prácticas e implantación de cantas medidas sexan necesarias para xestionar as denuncias que a este respecto se poidan expor, así como para resolver segundo proceda en cada caso.

....., … de ….. de 2024

Asdo.: [Presidencia de DOWN **GALICIA**]

DELMIRO PRIETO (R: G15665144)

Firmado digitalmente por DELMIRO PRIETO (R: G15665144)
Fecha: 2024.09.05 09:12:01 +02'00'